



CENTRO SUPERIOR
DE HOSTELERÍA
DE GALICIA

www.cshg.gal

CSHG

Regulamento da Residencia

CURSO

2026-27

<u>BENVIDA E FINALIDADE DA RESIDENCIA</u>	5
<u>INFORMACIÓN XERAL SOBRE A ESTADÍA</u>	5
DURACIÓN DA ESTADÍA	5
CALENDARIO DE RESIDENCIA. CURSO 2026-2027	5
SERVIZOS INCLUÍDOS	6
SEGURIDADE E RESPONSABILIDADE	6
VIDEOVIXILANCIA E PROTECCIÓN DA PRIVACIDADE	6
<u>TÍTULO I. PRINCIPIOS XERAIS DE CONVIVENCIA</u>	7
ARTIGO 1. OBXECTO DO REGULAMENTO.	7
ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.	7
ARTIGO 3. PRINCIPIOS DE CONVIVENCIA.	7
ARTIGO 4. INTERPRETACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO REGULAMENTO.	7
ARTIGO 5. RENOVACIÓN DA PRAZA.	8
<u>TÍTULO II. DEREITOS E RESPONSABILIDADES DAS PERSOAS RESIDENTES</u>	8
ARTIGO 6. DEREITOS DAS PERSOAS RESIDENTES.	8
ARTIGO 7. RESPONSABILIDADES DAS PERSOAS RESIDENTES.	9
<u>TÍTULO III. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA RESIDENCIA.</u>	11
ARTIGO 8. DIRECCIÓN DA RESIDENCIA.	11
ARTIGO 9. ASIGNACIÓN DE HABITACIÓNS.	11
ARTIGO 10. CAMBIOS DE HABITACIÓN.	12
ARTIGO 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.	12
ARTIGO 12. ACCESO Á RESIDENCIA.	12
ARTIGO 13. ACCESO ÁS HABITACIÓNS.	12
ARTIGO 14. RÉXIME DE VISITAS EXTERNAS.	13
ARTIGO 15. VISITAS ENTRE RESIDENTES.	13
ARTIGO 16. COMUNICACIÓN E ATENCIÓN A RESIDENTES.	13
<u>TÍTULO IV. NORMAS DE CONVIVENCIA E USO DAS INSTALACIÓNS.</u>	14

ARTIGO 17. PRINCIPIOS XERAIS DE CONVIVENCIA.	14
ARTIGO 18. USO DAS HABITACIÓNS.	14
ARTIGO 19. DESCANSO E HORARIOS DE SILENCIO.	14
ARTIGO 20. LIMPEZA E COIDADADO DOS ESPAZOS.	15
ARTIGO 21. CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DOS EQUIPAMENTOS.	15
ARTIGO 22. SEGURIDADE.	15
ARTIGO 23. CONSUMO DE TABACO, ALCOHOL E OUTRAS SUBSTANCIAS.	16
ARTIGO 24. RESPETO ÁS PERSOAS.	16
ARTIGO 25. OBXECTOS E ELEMENTOS NON AUTORIZADOS.	17
ARTIGO 26. ANIMAIS.	17
ARTIGO 27. COLABORACIÓN CO PERSOAL DA RESIDENCIA.	17

TÍTULO V. USO DA COCIÑA, CÁMARAS FRIGORÍFICAS E ESPAZOS DE ALMACENAMENTO.

ARTIGO 28. PRINCIPIOS XERAIS DE UTILIZACIÓN.	17
ARTIGO 29. HORARIOS DE UTILIZACIÓN.	18
ARTIGO 30. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.	18
ARTIGO 31. RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL EN MATERIA DE HIXIENE E LIMPEZA.	18
ARTIGO 32. CONSERVACIÓN DOS ALIMENTOS E SEGURIDADE ALIMENTARIA.	19
ARTIGO 33. USO DAS CÁMARAS FRIGORÍFICAS, NEVEIRAS E ESPAZOS DE ALMACENAMENTO.	19
ARTIGO 34. IDENTIFICACIÓN E CONTROL DOS ALIMENTOS.	19
ARTIGO 35. UTENSILIOS E MATERIAL DE USO PERSOAL.	20
ARTIGO 36. SUPERVISIÓN DAS INSTALACIÓNS.	20
ARTIGO 37. RESPONSABILIDADE POR DANOS OU INCUMPLIMENTOS.	21

TÍTULO VI. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS RESIDENTES.

ARTIGO 38. PARTICIPACIÓN NA VIDA DA RESIDENCIA.	21
ARTIGO 39. NATUREZA E FUNCIÓNS DO CONSELLO DE RESIDENTES.	21
ARTIGO 40. COMPOSICIÓN.	22
ARTIGO 41. ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES.	22
ARTIGO 42. DURACIÓN DO MANDATO.	22
ARTIGO 43. FUNCIONAMENTO DO CONSELLO DE RESIDENTES.	22
ARTIGO 44. COMUNICACIÓN COAS PERSOAS RESIDENTES.	23

TÍTULO VII. INCUMPRIMENTOS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS. 23

ARTIGO 45. PRINCIPIOS XERAIS.	23
ARTIGO 46. INCUMPRIMENTOS LEVES.	24
ARTIGO 47. INCUMPRIMENTOS GRAVES.	24
ARTIGO 48. INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES.	25
ARTIGO 49. MEDIDAS CORRECTORAS.	25
ARTIGO 50. REPARACIÓN DOS DANOS.	26
ARTIGO 51. PROCEDEMENTO E AUDIENCIA.	26
ARTIGO 52. RESPONSABILIDADE DAS VISITAS.	27

DISPOSICIÓN ESPECÍFICA. USO DAS PRAZAS DE RESIDENCIA VINCULADAS A BOLSAS OU AXUDAS DE ALOXAMENTO. 27

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS. 27

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA. INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO.	27
DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA. ACTUALIZACIÓN E MODIFICACIÓN.	28
DISPOSICIÓN DERRADEIRA TERCEIRA. ENTRADA EN VIGOR.	28

BENVIDA E FINALIDADE DA RESIDENCIA

A Residencia Universitaria do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) é un espazo destinado a facilitar a vida académica e persoal do alumnado durante a súa etapa formativa no centro.

Máis alá de ofrecer aloxamento e manutención, a Residencia constitúe un espazo de convivencia no que estudantes de diferentes cursos comparten experiencias, aprenden a convivir e desenvolven valores como a responsabilidade, o respecto e a colaboración.

Así mesmo, a Residencia poderá acoller profesorado do CSHG e persoas convidadas que participen en actividades académicas, de investigación ou en programas de intercambio vinculados ao centro.

A estadía na Residencia implica a aceptación e o cumprimento das normas recollidas neste Regulamento, cuxo obxectivo é garantir unha convivencia adecuada, o respecto entre as persoas residentes e o correcto funcionamento dos servizos e das instalacións.

INFORMACIÓN XERAL SOBRE A ESTADÍA

Duración da estadía

Con carácter xeral, a estadía na Residencia terá unha duración mínima dun curso académico completo, agás autorización expresa da Dirección do CSHG por circunstancias excepcionais.

A permanencia máxima será a necesaria para completar os estudos universitarios cursados no Centro.

Calendario de residencia. Curso 2026-2027

- **1.º de Grao:** do 06/09/2026 ás 12:00 h ao 01/06/2027 ás 12:00 h.
- **2.º de Grao:** do 27/09/2026 ás 12:00 h ao 01/06/2027 ás 12:00 h.
- **3.º de Grao:** do 27/09/2026 ás 12:00 h ao 01/06/2027 ás 12:00 h.
- **4.º de Grao:** do 27/09/2026 ás 12:00 h ao 01/06/2027 ás 12:00 h.

Os períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa, conforme ao calendario académico anual, non están incluídos na estadía ordinaria na Residencia.

Servizos incluídos

A estadía na Residencia inclúe:

Aloxamento e manutención:

- De luns a vernes: almuerzo, xantar y cea (*a cea do vernes será tipo picnic*).
- Sábados e domingos: almuerzo.

Outros servizos:

- Limpeza periódica das habitacións e das zonas comúns.
- Lavado regular da roupa de cama.
- Uso de lavadoras e secadoras.
- Servizo de conserxaría e vixilancia.
- Uso de bicicletas eléctricas.
- Utilización da cociña das persoas residentes.

Todos estes servizos prestaranse de acordo coas normas específicas establecidas para cada un deles.

Seguridade e responsabilidade

Cada persoa residente é responsable da custodia das súas pertenzas persoais. O CSHG non responderá da perda, subtracción ou deterioración de obxectos persoais, diñeiro ou outros bens que poidan producirse nas instalacións.

Do mesmo xeito, non asumirá responsabilidade polos danos, roubos ou incidencias que poidan afectar aos vehículos estacionados no recinto.

Videovixilancia e protección da privacidade

Por razóns de seguridade, determinadas zonas da Residencia contan con sistemas de videovixilancia, cuxa utilización se axustará á normativa vixente en materia de protección de datos.

Así mesmo, non está permitido gravar, fotografar nin difundir imaxes, vídeos ou conversas doutras persoas residentes ou de membros da comunidade educativa sen o seu consentimento ou sen a correspondente autorización. Cando as persoas afectadas sexan menores de idade, será necesaria, ademais, a autorización das súas persoas representantes legais.

TÍTULO I. PRINCIPIOS XERAIS DE CONVIVENCIA

Artigo 1. Obxecto do Regulamento.

O presente Regulamento ten por obxecto regular a convivencia na Residencia Universitaria do CSHG, así como establecer as normas básicas de funcionamento, utilización das instalacións e desfrute dos servizos ofrecidos.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

As disposicións contidas neste Regulamento son de obrigado cumprimento para todas as persoas residentes.

Así mesmo, cada persoa residente será responsable da conduta das persoas que accedan á Residencia baixo a súa invitación ou autorización.

Artigo 3. Principios de convivencia.

A convivencia na Residencia fundaméntase nos seguintes principios:

- Respetto mutuo.
- Igualdade de trato.
- Responsabilidade individual.
- Colaboración e participación.
- Coidado das instalacións e dos recursos comúns.
- Respetto polo estudo e polo descanso das demais persoas residentes.
- Cumprimento das normas de seguridade.

Todas as persoas residentes contribuirán activamente a manter un espazo adecuado para a vida académica e a convivencia.

Artigo 4. Interpretación e actualización do Regulamento.

A Dirección do CSHG poderá ditar instrucións complementarias e actualizar este Regulamento cando resulte necesario para mellorar a organización, a convivencia ou a prestación dos servizos.

Calquera modificación será comunicada ás persoas residentes a través das canles oficiais de información.

Artigo 5. Renovación da praza.

A renovación da praza de residencia non constitúe un dereito adquirido.

As solicitudes de renovación deberán presentarse dentro dos prazos establecidos pola Dirección da Residencia.

Para a súa valoración poderanse ter en conta, entre outros aspectos:

- O rendemento académico.
- O cumprimento das normas de convivencia.
- O comportamento amosado durante o curso.
- A contribución ao bo ambiente e ao correcto funcionamento da Residencia.

A Dirección do CSHG resolverá as solicitudes atendendo ao interese xeral da comunidade residencial e á dispoñibilidade de prazas.

TÍTULO II. DEREITOS E RESPONSABILIDADES DAS PERSOAS RESIDENTES

Artigo 6. Dereitos das persoas residentes.

As persoas residentes teñen dereito a:

a) Desfrutar dos servizos da Residencia.

Recibir os servizos de aloxamento, manutención e demais prestacións ofrecidas pola Residencia nas condicións establecidas para cada curso académico.

b) Dispoñer dun contorno axeitado para o estudo e o descanso.

Desenvolver a súa actividade académica e persoal nun ambiente que favoreza a convivencia, o estudo e o descanso, especialmente durante os horarios de silencio establecidos.

c) Utilizar as instalacións e os espazos comúns.

Acceder e utilizar as instalacións, os equipamentos e os servizos da Residencia conforme ás normas de uso establecidas.

d) Ocupar a habitación asignada.

Desfrutar da habitación adxudicada como espazo de uso persoal durante o período autorizado de estadía.

Por motivos de seguridade, mantemento, emerxencia ou cumprimento da normativa interna, o persoal autorizado poderá acceder ás habitacións cando resulte necesario para o correcto funcionamento da Residencia.

e) Entrar e saír libremente da Residencia.

Acceder ás instalacións e abandonalas respectando as normas de acceso e seguridade vixentes.

f) Recibir visitas.

Recibir visitas nas condicións, espazos e horarios establecidos neste Regulamento.

g) Participar na vida da Residencia.

Participar nas actividades culturais, deportivas, sociais ou formativas organizadas pola Residencia e colaborar nas iniciativas que contribúan a mellorar a convivencia.

h) Ser informadas.

Recibir información sobre o funcionamento da Residencia, os seus servizos e calquera modificación normativa que poida afectar á vida residencial.

i) Formular suxestións ou reclamacións.

Presentar propostas, suxestións, consultas ou reclamacións relacionadas coa Residencia e recibir unha resposta por parte da Dirección nun prazo razoable.

j) Que se respecte a súa intimidade.

Ver protexida a súa intimidade persoal e a confidencialidade das súas comunicacións, de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 7. Responsabilidades das persoas residentes.

A estadía na Residencia implica o compromiso de contribuír ao benestar común e ao bo funcionamento da comunidade residencial.

Por este motivo, as persoas residentes deberán:

a) Coñecer e respectar as normas.

Cumprir o Regulamento interno do CSHG, o presente Regulamento de Residencia e as instrucións que poidan ditarse para o seu desenvolvemento.

b) Manter unha conduta respectuosa.

Tratar con respecto o resto das persoas residentes, o persoal do CSHG e calquera persoa que se atope nas instalacións.

Non se admitirán comportamentos ofensivos, ameazas, actos de intimidación, acoso ou calquera conduta que atente contra a dignidade das persoas.

c) Favorecer a convivencia.

Respectar os horarios de silencio, descanso e utilización dos espazos comúns, evitando condutas que poidan prexudicar outras persoas residentes.

d) Coidar as instalacións.

Utilizar de forma responsable as habitacións, o mobiliario, os equipamentos e as instalacións da Residencia, evitando danos, deterioracións ou usos inadecuados.

e) Respectar os bens alleos.

Respectar as pertenzas doutras persoas residentes e do persoal do Centro.

f) Manterse informadas.

Consultar regularmente as canles oficiais de comunicación da Residencia e atender as indicacións emitidas pola Dirección ou polo persoal autorizado.

g) Comunicar as ausencias.

Informar á conserxaría daquelas ausencias que impliquen non pernoctar na Residencia.

h) Colaborar co persoal da Residencia.

Facilitar o labor do persoal de conserxaría, mantemento, limpeza e seguridade, respectando as súas indicacións no exercicio das súas funcións.

i) Cumprir coas obrigas económicas.

Aboar, dentro dos prazos establecidos, as cantidades correspondentes ao aloxamento, á manutención e aos demais servizos contratados.

j) Responder dos danos ocasionados.

Asumir a responsabilidade derivada dos danos ou prexuízos causados por actuacións propias ou das persoas visitantes cuxa presenza fose autorizada pola persoa residente.

k) Constituír a fianza establecida.

Depositar a fianza fixada polo CSHG ao inicio do curso académico, destinada a cubrir posibles danos ou responsabilidades económicas derivadas da estadía. A devolución da fianza realizarase unha vez finalizado o curso e comprobado o correcto estado das instalacións e a inexistencia de obrigas pendentes.

TÍTULO III. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA RESIDENCIA.

Artigo 8. Dirección da Residencia.

A Dirección da Residencia é a responsable da organización, xestión e supervisión da Residencia Universitaria.

Correspóndelle á Dirección:

- Velar polo cumprimento deste Regulamento.
- Garantir o correcto funcionamento dos servizos e das instalacións.
- Resolver as incidencias que poidan xurdir durante a convivencia.
- Adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade e o benestar das persoas residentes.
- Ditar instrucións e normas complementarias para o correcto funcionamento da Residencia.

A Dirección poderá delegar determinadas funcións noutros membros do equipo directivo ou en persoal autorizado do Centro.

Artigo 9. Asignación de habitacións.

A Dirección asignará a cada persoa residente unha habitación en función da dispoñibilidade existente e dos criterios organizativos establecidos para cada curso académico.

A habitación asignada terá validez durante o período autorizado de estadía.

Ao remate do curso académico ou da estadía autorizada, a persoa residente deberá abandonar a habitación, retirando todas as súas pertenzas e deixándoa en condicións adecuadas de uso.

Artigo 10. Cambios de habitación.

Con carácter xeral, non se realizarán cambios de habitación durante o curso académico.

Non obstante, a Dirección poderá autorizar cambios cando existan razóns xustificadas de convivencia, saúde, organización ou calquera outra circunstancia que así o aconselle.

As solicitudes deberán presentarse por escrito e serán valoradas individualmente.

Artigo 11. Criterios de adxudicación.

A asignación inicial das habitacións e a valoración de posibles cambios poderán ter en conta, entre outros aspectos:

- A dispoñibilidade de prazas.
- A organización xeral da Residencia.
- O historial de convivencia de cursos anteriores.
- A antigüidade como persoa residente.
- O rendemento académico.
- As preferencias manifestadas pola persoa interesada, sempre que resulten compatibles coa organización do servizo.

Artigo 12. Acceso á Residencia.

As persoas residentes poderán acceder libremente á Residencia respectando as normas de seguridade establecidas.

Con carácter xeral, a porta principal permanecerá aberta:

- De 07:00 a 23:00 horas.

Fóra deste horario, o acceso estará restrinxido e realizarase conforme aos procedementos establecidos pola Dirección.

Por razóns de seguridade, a Residencia poderá requirir a identificación das persoas que accedan ás instalacións.

Artigo 13. Acceso ás habitacións.

As habitacións constitúen espazos de uso persoal das persoas residentes.

Non obstante, a Dirección e o persoal autorizado poderán acceder a elas cando resulte necesario por motivos de:

- Seguridade.

- Emerxencia.
- Mantemento ou reparacións.
- Limpeza.
- Protección de persoas ou bens.
- Comprobación de posibles incumprimentos da normativa.

Sempre que as circunstancias o permitan, este acceso realizarase procurando respectar a intimidade da persoa residente.

Artigo 14. Réxime de visitas externas.

As persoas residentes poderán recibir visitas nos espazos habilitados para ese fin e dentro dos horarios establecidos.

Con carácter xeral:

- As visitas externas poderán permanecer na Residencia entre as 10:00 e as 19:00 horas.

As persoas visitantes deberán respectar as normas de convivencia e seguridade vixentes.

A persoa residente que as convide será responsable do seu comportamento durante toda a súa estadía nas instalacións.

A Dirección poderá establecer sistemas de identificación ou rexistro de visitantes cando resulte necesario por razóns organizativas ou de seguridade.

Artigo 15. Visitas entre residentes.

As visitas entre persoas residentes estarán permitidas dentro dos seguintes horarios:

- De luns a xoves: de 10:00 a 23:00 horas.
- Venres, sábados e vésperas de festivo: de 10:00 a 01:00 horas.

En todo caso, deberán respectarse os horarios de silencio e descansos establecidos neste Regulamento.

Artigo 16. Comunicación e atención a residentes.

A Dirección informará as persoas residentes de calquera cuestión relevante relacionada coa vida na Residencia a través das canles oficiais de comunicación.

As consultas, solicitudes, incidencias ou propostas poderán dirixirse á Dirección ou aos servizos de conserxaría mediante os procedementos establecidos para cada caso.

TÍTULO IV. NORMAS DE CONVIVENCIA E USO DAS INSTALACIÓNS.

Artigo 17. Principios xerais de convivencia.

A Residencia é un espazo compartido no que conviven estudantes con diferentes hábitos, horarios e necesidades.

Por este motivo, todas as persoas residentes deberán actuar con respecto, responsabilidade e consideración cara ás demais, contribuíndo a manter un ambiente axeitado para o estudo, o descanso e a convivencia.

O cumprimento destas normas é responsabilidade de todas as persoas residentes.

Artigo 18. Uso das habitacións.

A habitación asignada constitúe un espazo de uso persoal destinado ao aloxamento e ao estudo.

A súa utilización terá carácter persoal e intransferible e non poderá ser cedida, ocupada nin utilizada por persoas non autorizadas.

Non está permitido aloxar nin permitir a pernoita de persoas alleas á Residencia sen autorización expresa da Dirección.

As persoas residentes serán responsables da conservación da habitación, do mobiliario e dos elementos entregados ao inicio do curso.

Nas habitacións deberá manterse un nivel axeitado de orde, limpeza e hixiene.

Artigo 19. Descanso e horarios de silencio.

Co fin de garantir o descanso e o estudo de todas as persoas residentes, deberá respectarse o horario de silencio comprendido entre as **23:00 e as 08:00 horas**.

Durante este período evítanse:

- As conversas en ton elevado.
- As reunións ou actividades que xeren ruído.
- O uso de equipamentos audiovisuais cun volume audible para terceiras persoas.
- Calquera conduta que poida alterar o descanso doutras persoas residentes.

Fóra deste horario tamén deberá manterse un comportamento respectuoso que evite molestias innecesarias.

Artigo 20. Limpeza e coidado dos espazos.

As persoas residentes deberán colaborar no mantemento dunhas condicións axeitadas de limpeza e hixiene tanto nas súas habitacións como nos espazos comúns.

Así mesmo, deberán facilitar o traballo do persoal de limpeza permitindo o acceso ás habitacións durante os horarios establecidos.

As zonas comúns deberán deixarse sempre recollidas e en condicións axeitadas para a súa utilización por outras persoas residentes.

Artigo 21. Conservación das instalacións e dos equipamentos.

Todas as persoas residentes deberán utilizar de forma responsable as instalacións, os equipamentos e os recursos postos á súa disposición.

Non está permitido:

- Danar ou deteriorar mobiliario, equipamentos ou instalacións.
- Manipular elementos de seguridade ou de emerxencia.
- Alterar a disposición do mobiliario sen autorización.
- Retirar mobiliario, roupa de cama, toallas ou outros elementos dos espazos aos que están destinados.

As persoas responsables dos danos ou desperfectos deberán asumir os custos de reparación ou reposición que correspondan.

Artigo 22. Seguridade.

Co fin de garantir a seguridade das instalacións e das persoas residentes, queda prohibido:

- Manipular detectores de fume, extintores ou outros sistemas de protección.
- Introducir ou utilizar equipamentos que poidan xerar riscos de incendio ou accidente.
- Realizar actividades que comprometan a propia seguridade ou a de terceiras persoas.

A activación dos servizos de emerxencia como consecuencia de actuacións negligentes poderá dar lugar á esixencia das responsabilidades correspondentes.

Artigo 23. Consumo de tabaco, alcohol e outras substancias.

A Residencia promove hábitos de vida saudables e un contorno seguro para toda a comunidade.

Por este motivo:

- Non está permitido fumar nas habitacións nin nos espazos interiores da Residencia.
- Só se poderá fumar nas zonas expresamente habilitadas para ese fin, de existiren.
- Queda prohibida a posesión, o consumo ou a distribución de substancias estupefacientes ou psicotrópicas en calquera dependencia do CSHG.
- Non está permitida a posesión nin o consumo de bebidas alcohólicas nas instalacións do Centro.

O incumprimento destas normas poderá dar lugar á adopción de medidas disciplinarias de especial gravidade.

Artigo 24. Respeto ás persoas.

Todas as persoas residentes deberán manter un trato respectuoso co resto das persoas residentes, coas persoas visitantes e co persoal do CSHG.

Non se admitirán condutas que impliquen:

- Insultos ou faltas de respecto.
- Ameazas ou intimidacións.
- Acoso ou discriminación.
- Comportamentos agresivos ou violentos.
- Calquera actuación que atente contra a dignidade das persoas.

A difusión de información, anuncios ou propaganda de carácter político deberá realizarse unicamente no taboleiro de anuncios habilitado pola Residencia. As persoas residentes deberán absterse de utilizar para este fin o resto das dependencias, habitacións e espazos comúns.

Artigo 25. Obxectos e elementos non autorizados.

Por razóns de seguridade e organización, non está permitido introducir nas habitacións:

- Estufas, calefactores ou aparellos similares.
- Mobiliario alieo á Residencia sen autorización previa.
- Equipamentos ou elementos que poidan representar un risco para as instalacións ou para as persoas.

A Dirección poderá retirar aqueles elementos cuxa presenza resulte incompatible coas normas de seguridade ou de funcionamento da Residencia.

Artigo 26. Animais.

Non está permitida a entrada nin a permanencia de animais nas instalacións da Residencia, agás nos supostos previstos legalmente ou autorizados expresamente pola Dirección.

Artigo 27. Colaboración co persoal da Residencia.

As persoas residentes deberán atender as indicacións do persoal de dirección, conserxaría, seguridade, mantemento e limpeza naquelas cuestións relacionadas co funcionamento da Residencia.

A colaboración co persoal constitúe un elemento esencial para garantir unha convivencia adecuada e o correcto funcionamento dos servizos.

TÍTULO V. USO DA COCIÑA, CÁMARAS FRIGORÍFICAS E ESPAZOS DE ALMACENAMENTO.

Artigo 28. Principios xerais de utilización.

A cociña, as cámaras frigoríficas, as neveiras e os espazos de almacenamento son instalacións de uso compartido postas á disposición das persoas residentes para complementar os servizos de manutención ofrecidos pola Residencia.

A súa utilización require un comportamento responsable e respectuoso que garanta en todo momento a hixiene, a salubridade, a orde, a seguridade alimentaria e a adecuada convivencia entre as persoas usuarias.

Todas as persoas residentes deberán contribuír activamente a manter estes espazos en condicións axeitadas para a súa utilización polo conxunto da comunidade residencial.

O uso destas instalacións deberá realizarse de acordo cos principios de hixiene, orde e seguridade alimentaria, que constitúen unha parte esencial da formación e dos valores profesionais promovidos polo CSHG.

Artigo 29. Horarios de utilización.

A cociña permanecerá aberta:

- De luns a domingo: de 08:00 a 23:00 horas.

Fóra deste horario non estará permitido permanecer nin realizar actividades nestas instalacións.

Artigo 30. Acceso ás instalacións.

O acceso á cociña e ás zonas de almacenamento está reservado exclusivamente ás persoas residentes.

Non se permite o acceso de visitantes nin de persoas alleas á Residencia, agás autorización expresa da Dirección.

Artigo 31. Responsabilidade individual en materia de hixiene e limpeza.

Cada persoa residente será responsable de manter limpas e en correcto estado de uso as instalacións, as superficies e os equipamentos utilizados.

Tras cada utilización será obrigatorio:

- Limpar as superficies de traballo empregadas.
- Limpar e recoller os utensilios utilizados.
- Deixar libres e en condicións hixiénicas os fregadeiros.
- Limpar as placas de cocción e os pequenos electrodomésticos utilizados.
- Retirar os restos de alimentos, envases e residuos xerados.
- Depositar os residuos nos colectores correspondentes.

A cociña deberá quedar en condicións axeitadas para o seu uso inmediato por outras persoas residentes.

Artigo 32. Conservación dos alimentos e seguridade alimentaria.

Co fin de preservar unhas condicións axeitadas de hixiene e salubridade, os alimentos deberán almacenarse correctamente e respectando as normas establecidas para cada espazo.

As persoas residentes deberán:

- Manter os alimentos adecuadamente protexidos e conservados.
- Utilizar recipientes pechados para evitar derramamentos, contaminación cruzada ou cheiros.
- Retirar periodicamente os alimentos deteriorados, caducados ou en mal estado.
- Manter unhas condicións axeitadas de limpeza nos espazos de almacenamento que utilicen.

Non estará permitido almacenar alimentos fóra dos espazos habilitados para ese fin.

A Dirección ou o persoal autorizado poderán retirar aqueles produtos que supoñan un risco para a hixiene, a salubridade ou a seguridade alimentaria.

Artigo 33. Uso das cámaras frigoríficas, neveiras e espazos de almacenamento.

Os espazos de almacenamento deberán utilizarse de forma ordenada e respectuosa coas necesidades do resto das persoas residentes.

Non está permitido:

- Ocupar espazos asignados a outras persoas.
- Depositar produtos fóra das zonas autorizadas.
- Manipular, retirar ou utilizar produtos pertencentes a outras persoas residentes sen o seu consentimento.
- Alterar a organización establecida para as cámaras frigoríficas ou as zonas de almacenamento.

Cada persoa residente será responsable da orde, da limpeza e do estado hixiénico do espazo que teña asignado.

Artigo 34. Identificación e control dos alimentos.

Co fin de garantir a adecuada organización dos espazos compartidos e manter unhas condicións óptimas de hixiene, salubridade e seguridade alimentaria,

todos os alimentos depositados en neveiras, conxeladores ou zonas de almacenamento deberán estar correctamente identificados co nome da persoa residente propietaria.

A Dirección poderá establecer sistemas complementarios de identificación, etiquetaxe ou rexistro cando resulte necesario para a correcta xestión destes espazos.

Periodicamente realizaranse revisións das cámaras frigoríficas, das neveiras e das zonas de almacenamento.

Os produtos que se atopen sen identificar, abandonados, caducados, deteriorados ou que supoñan un risco para a hixiene, a salubridade ou a seguridade alimentaria poderán ser retirados polo persoal autorizado.

A retirada destes produtos non dará lugar a compensación ningunha para a persoa responsable.

Artigo 35. Utensilios e material de uso persoal.

As persoas residentes deberán achegar e custodiar os seus propios utensilios de cociña, vaixela, cubertos, recipientes e demais elementos de uso persoal.

A Residencia non se responsabilizará da perda, deterioración ou extravío destes materiais.

Os utensilios persoais non poderán permanecer abandonados nas zonas comúns unha vez rematado o seu uso.

Artigo 36. Supervisión das instalacións.

A Dirección e o persoal autorizado poderán realizar inspeccións periódicas das zonas de cociña e almacenamento co fin de garantir o cumprimento das normas de hixiene, seguridade e convivencia.

Cando se detecten incumprimentos que afecten á limpeza, á salubridade ou ao correcto funcionamento das instalacións, poderán adoptarse as medidas necesarias para a súa corrección inmediata.

Entre outras actuacións, poderán retirarse residuos, alimentos en mal estado, produtos abandonados ou elementos que dificulten o uso normal dos espazos comúns.

Artigo 37. Responsabilidade por danos ou incumplimentos.

As persoas residentes responderán dos danos ou desperfectos ocasionados por un uso inadecuado das instalacións, dos equipamentos ou do mobiliario da cociña e das zonas de almacenamento.

Así mesmo, o incumprimento reiterado das normas de hixiene, limpeza, orde ou conservación dos alimentos poderá dar lugar á limitación temporal do uso destas instalacións e á aplicación das medidas disciplinarias previstas neste Regulamento.

TÍTULO VI. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS RESIDENTES.

Artigo 38. Participación na vida da Residencia.

A Residencia promoverá a participación activa das persoas residentes naquelas cuestións relacionadas coa convivencia, a mellora dos servizos e a vida comunitaria.

Con esta finalidade constituirase o **Consello de Residentes** como órgano de representación e participación do alumnado residente.

Artigo 39. Natureza e funcións do Consello de Residentes.

O Consello de Residentes é o órgano de participación e diálogo entre as persoas residentes e a Dirección do CSHG.

As súas funcións serán:

- Trasladar propostas, suxestións e iniciativas das persoas residentes.
- Colaborar na mellora da convivencia e do funcionamento da Residencia.
- Canalizar consultas e inquietudes do alumnado residente.
- Participar na análise daquelas cuestións que afecten á comunidade residencial.
- Emitir informe cando así o solicite a Dirección en asuntos relacionados coa convivencia ou coa aplicación deste Regulamento.

O Consello terá carácter consultivo e participativo, sen prexuízo das competencias que correspondan á Dirección do CSHG.

Artigo 40. Composición.

O Consello de Residentes estará presidido pola Dirección do CSHG ou pola persoa en quen delegue.

Formarán parte, así mesmo:

- As Subdireccións do Centro ou as persoas que as substitúan.
- Catro representantes das persoas residentes elixidos democraticamente entre o alumnado aloxado na Residencia.

A Dirección poderá convidar a participar nas reunións, con voz pero sen voto, outras persoas residentes ou membros da comunidade educativa cando a natureza dos asuntos que se vaian tratar así o aconselle.

Artigo 41. Elección das persoas representantes.

As persoas representantes das persoas residentes serán elixidas mediante sufraxio libre, directo e secreto durante o primeiro trimestre de cada curso académico.

Poderán presentar a súa candidatura todas as persoas residentes que manteñan unha participación activa e un adecuado cumprimento das normas de convivencia da Residencia.

Non poderán presentar a súa candidatura aquelas persoas residentes que fosen obxecto dun expediente disciplinario durante a súa estadía na Residencia, con independencia da medida disciplinaria imposta ou de que o expediente rematase mediante resolución firme.

Terán dereito a voto todas as persoas residentes.

Artigo 42. Duración do mandato.

A condición de representante terá unha duración equivalente ao correspondente curso académico.

En caso de renuncia, perda da condición de persoa residente ou imposibilidade para exercer as súas funcións, a vacante poderá cubrirse conforme ao procedemento que estableza a Dirección.

Artigo 43. Funcionamento do Consello de Residentes.

O Consello de Residentes reunirase, con carácter ordinario, polo menos unha vez por trimestre.

Poderán convocarse reunións extraordinarias cando así o considere necesario a Dirección ou cando o solicite a maioría das persoas representantes das persoas residentes.

De cada reunión poderá levantarse unha acta resumo cos principais asuntos tratados e os acordos adoptados.

Artigo 44. Comunicación coas persoas residentes.

As persoas representantes das persoas residentes actuarán como canle de comunicación entre o alumnado aloxado e a Dirección da Residencia.

As propostas ou suxestións presentadas polas persoas residentes poderán trasladarse ao Consello para a súa valoración e estudo.

TÍTULO VII. INCUMPRIMENTOS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS.

Artigo 45. Principios xerais.

A convivencia na Residencia esixe o cumprimento das normas recollidas neste Regulamento e das instrucións que poidan ditarse para o seu desenvolvemento.

Os incumprimentos valoraranse atendendo á súa gravidade, ás circunstancias concorrentes, á intencionalidade da conduta, á reiteración dos feitos e ás consecuencias producidas para a convivencia, a seguridade ou o correcto funcionamento da Residencia.

As medidas adoptadas terán carácter preferentemente educativo e corrector, sen prexuízo da aplicación daquelas actuacións que resulten necesarias para protexer as persoas, as instalacións ou o interese xeral da comunidade residencial.

Cando os feitos puidesen constituír un incumprimento do Regulamento interno do CSHG ou da normativa vixente, poñeranse en coñecemento dos órganos competentes para a súa tramitación.

Artigo 46. Incumprimentos leves.

Terán a consideración de incumprimentos leves aquelas condutas que alteren de forma puntual a convivencia ou supoñan un incumprimento ocasional das normas de funcionamento da Residencia.

Terán esta consideración, entre outras:

- Perturbar ocasionalmente o silencio ou o descanso doutras persoas residentes.
- Incumprir os horarios establecidos para o uso das instalacións ou dos servizos.
- Non respectar as normas de limpeza e hixiene nas habitacións ou nas zonas comúns.
- Incumprir as normas de utilización da cociña, das cámaras frigoríficas ou dos espazos de almacenamento.
- Non rexistrar as visitas cando resulte obrigatorio.
- Facer un uso inadecuado das salas comúns ou dos seus equipamentos.
- Calquera outra conduta de natureza semellante que non cause prexuízos graves á convivencia nin ás instalacións.

Artigo 47. Incumprimentos graves.

Terán a consideración de incumprimentos graves aquelas condutas que alteren de forma significativa a convivencia, comprometan o adecuado funcionamento da Residencia ou supoñan unha vulneración relevante das normas establecidas.

Terán esta consideración, entre outras:

- Fumar en espazos non autorizados.
- Introducir ou consumir bebidas alcohólicas nas instalacións do CSHG.
- Alterar ou deteriorar de forma intencionada o mobiliario ou as instalacións.
- Introducir ou manter animais na Residencia sen autorización.
- Faltar ao respecto ao persoal do Centro, da Residencia ou ao resto das persoas residentes.
- Incumprir de forma reiterada as normas relativas ás visitas.

- Incumplir reiteradamente as normas de hixiene, limpeza, orde ou conservación dos alimentos nas zonas comúns.
- Perturbar de forma reiterada o descanso ou a convivencia.
- Reincidir en incumprimentos leves previamente advertidos.

Artigo 48. Incumprimentos moi graves.

Terán a consideración de incumprimentos moi graves aquelas condutas que supoñan un risco para a seguridade, a integridade das persoas, a convivencia ou o normal funcionamento da Residencia.

Terán esta consideración, entre outras:

- Permitir a pernoita ou o aloxamento de persoas non autorizadas.
- Fumar nas habitacións.
- Introducir, estar en posesión, consumir ou distribuír substancias estupefacientes ou psicotrópicas nas instalacións do CSHG.
- Manipular, inutilizar ou bloquear sistemas de seguridade, protección contra incendios ou dispositivos de emerxencia.
- Producir danos graves nas instalacións, nos equipamentos ou nos bens da Residencia.
- Ameazar, intimidar, acosar ou exercer calquera forma de violencia física ou verbal contra outras persoas.
- Incumplir deliberadamente as medidas correctoras previamente impostas.
- Reincidir en incumprimentos graves.

Artigo 49. Medidas correctoras.

As medidas correctoras aplicaranse de forma proporcionada á natureza e gravidade dos feitos.

Poderán adoptarse, entre outras, as seguintes:

a) Para incumprimentos leves:

- Apercibimento verbal ou por escrito.
- Comunicación á persoa titora ou responsable académica, cando proceda.
- Limitación temporal do uso de determinados espazos ou servizos comúns entre unha e catro semanas.

b) Para incumprimentos graves:

- Apercibimento formal por escrito.
- Comunicación á persoa titora ou responsable académica, cando proceda.
- Suspensión temporal do acceso a determinados servizos da Residencia.
- Suspensión temporal da condición de persoa residente por un período de ata trinta días lectivos.

c) Para incumprimentos moi graves:

- Suspensión temporal da condición de persoa residente por un período de ata sesenta días lectivos.
- Perda definitiva da praza de residencia.
- Prohibición de solicitar praza en convocatorias posteriores, cando a gravidade dos feitos así o xustifique.

As medidas adoptadas notificaranse á persoa interesada, indicando os motivos que as xustifican.

Artigo 50. Reparación dos danos.

A imposición dunha medida correctora será compatible coa obriga de reparar os danos materiais ocasionados ou de asumir os custos derivados da reposición, reparación ou limpeza extraordinaria que resulten necesarios.

Cando non poida determinarse con claridade a autoría individual dos danos ocasionados en espazos de uso compartido, a Dirección poderá adoptar as medidas oportunas para determinar as responsabilidades correspondentes.

Artigo 51. Procedemento e audiencia.

Con carácter previo á adopción de medidas por incumprimentos graves ou moi graves, a persoa afectada terá dereito a ser escoitada e a formular as alegacións que considere oportunas.

A Dirección da Residencia poderá solicitar tanta información estime necesaria para o esclarecemento dos feitos e recabar, cando proceda, a colaboración do Consello de Residentes.

As decisións adoptadas deberán estar motivadas e comunicaranse á persoa interesada.

Artigo 52. Responsabilidade das visitas.

As persoas residentes responderán das condutas realizadas polas persoas visitantes que accedan á Residencia baixo a súa autorización ou invitación.

Os incumprimentos cometidos polas persoas visitantes poderán dar lugar á adopción de medidas respecto da persoa residente responsable do seu acceso.

DISPOSICIÓN ESPECÍFICA. USO DAS PRAZAS DE RESIDENCIA VINCULADAS A BOLSAS OU AXUDAS DE ALOXAMENTO.

As persoas residentes que desfruten dunha praza de aloxamento financiada total ou parcialmente mediante unha bolsa, axuda ou programa específico deberán facer un uso efectivo da devandita praza durante o período de estadía autorizado.

As ausencias prolongadas deberán comunicarse previamente á Dirección da Residencia e estar debidamente xustificadas.

Cando se constate a falta de utilización habitual da praza sen causa xustificada ou sen a correspondente comunicación previa, a Dirección poderá revisar o mantemento das condicións asociadas á devandita praza e adoptar as medidas que procedan de acordo coa normativa aplicable e coas condicións da convocatoria correspondente.

Con carácter previo a calquera decisión que poida afectar á continuidade da praza, a persoa interesada terá dereito a formular as alegacións que considere oportunas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS.

Disposición derradeira primeira. Interpretación do Regulamento.

Correspóndelle á Dirección do CSHG resolver as dúbidas que poidan xurdir na interpretación e aplicación deste Regulamento.

Disposición derradeira segunda. Actualización e modificación.

A Dirección do CSHG poderá actualizar ou modificar o presente Regulamento cando as necesidades organizativas, académicas ou de convivencia así o aconsellen.

As modificacións comunicaranse ás persoas residentes a través das canles oficiais do Centro.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor na data da súa aprobación polo órgano competente do CSHG e será de aplicación a todas as persoas residentes desde o momento da súa incorporación á Residencia.